

01.

Elementos básicos de identidade

Lorem ipsum

Contidos

01. 1	Introdución	
01. 1. 1	Representación gráfica	003
01. 1. 2	Cores corporativas	004
01. 1. 3	Tipografía corporativa	005
01. 2	Marca institucional	
01. 2. 1	Representación gráfica	006
01. 2. 2	Positivo e negativo	007
01. 2. 3	Área de seguridade e redución mínima	008
01. 2. 4	Usos incorrectos	009
01. 3	Marca corporativa	
01. 3. 1	Representación gráfica	010
01. 3. 2	Positivo e negativo	011
01. 3. 3	Área de seguridade e redución mínima	012
01. 3. 4	Escala de grises	013
01. 3. 5	Funcionamento sobre fondos de cor	014
01. 3. 6	Usos incorrectos	015
01. 4	Símbolo corporativo	
01. 4. 1	Servizos municipais e outros organismos	016
01. 4. 2	Campañas	019

01. 1

Introdución

01. 1. 1

Representación gráfica

A marca institucional estaría composta polo logotipo do escudo da cidade e o nome.

A marca corporativa comporíase co Cñ nun círculo de cor cian corporativo e o nome. Por último, o símbolo formado polo Cñ nun círculo.

De maneira xeral podemos establecer que a marca institucional empregárase en calquera elemento relacionado coa actividade institucional e administrativa do concello, papelería, impresos etc.

A marca corporativa utilizarase en elementos relacionados con servizos que o concello lle proporciona á cidadanía, cartalaría promocional de eventos culturais e deportivos, carteis de obra, servizos de infraestruturas e medio ambiente etc.

O uso do símbolo corporativo é sempre auxiliar. Acompaña a marca e só pode aparecer de xeito independente en perfís de redes sociais. En elementos complexos nos que xa estea a marca pódese empregar tamén o símbolo como elemento que reforza a identificación. Só se poderá asociar a nomes de servizos e organismos municipais.

Marca institucional



Concello da Coruña

Marca corporativa



Símbolo corporativo



01. 1

Introdución

01. 1. 2

Cores corporativas

As cores corporativas para reproducir os signos de identidade son a negra Pantone® Black C e a cian Pantone® Process Cyan .

Cando a impresión con tintas planas non sexa posible, empregárase a súa equivalencia en cuatricomía. Do mesmo xeito facilitáanse neste manual as equivalencias en RGB e hexadecimal para usar en soportes dixitais.

Como norma xeral débese manter a cor corporativa sempre que os requisitos de soporte/impresión o permitan.

En casos excepcionais de impresións a unha tinta nos que se empregue unha cor base diferente ás corporativas, a marca axustárase á tinta establecida e evítanse sempre as cores flúor.



01. 1

01. 1. 3

Tipografía corporativa

Definimos como tipografía corporativa a utilizada para construír o logotipo (Concello da Coruña)

Esta tipografía debe convivir con outros textos que implementarían a marca, como a definición das diferentes concellarías e outros organismos.

Todos estes supostos quedan definidos ao longo deste manual.

Introdución

Tipografía corporativa

Frutiger LT Std 65 Bold

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
 abcdefghijklmñopqrstuvwxyz
 1234567890'¡@#\$\$%&/()?!¿!

Tipografía para concellarías

Frutiger LT Std 57 Condensed

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
 abcdefghijklmñopqrstuvwxyz
 1234567890'¡@#\$\$%&/()?!¿!

Tipografía para organismos

BEBAS NEUE REGULAR

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
 1234567890'¡@#\$\$%&/()?!¿!

Tipografías para servicios municipais

DIN

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
 abcdefghijklmñopqrstuvwxyz
 1234567890'¡@#\$\$%&/()?!¿!

Vag Rounded

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
 abcdefghijklmñopqrstuvwxyz
 1234567890'¡@#\$\$%&/()?!¿!

01. 2

Marca institucional

01. 2. 1

Representación gráfica

Definimos aquí algúns dos aspectos que hai que ter en conta para construír a marca institucional do concello.

A construción do escudo municipal da marca institucional non se modificou, tampouco se alteraron as cores nin a tipografía principal.

O uso do símbolo (escudo) non pode ser independente e sempre irá xunto co nome da institución nos dous idiomas. A única excepción é a marca da alcaldesa, na que o nome da institución se substitúe por “Alcaldesa da Coruña”.

A construción tipográfica do nome (logotipo) sempre se realiza empregando a tipografía Frutiger LT Std 65 Bold. En ningún caso se poderá utilizar este elemento de maneira independente.



Concello da Coruña



Concello da Coruña

Tipografía

Frutiger LT Std 65 Bold

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ

abcdefghijklmnopqrstuvwxyz

1234567890'¡@#\$\$%&/()?!¿


01. 2

Marca institucional

01. 2. 2 Positivo y negativo

Neste apartado preséntase a marca no seu uso positivo e negativo, tanto nas súas cores corporativas como na súa versión a unha tinta.

O uso da marca nas súas cores corporativas considérase prioritario fronte ao uso de calquera das outras versións. Pode ser substituída polo positivo ou negativo a unha tinta en casos excepcionais nos que o soporte ou o tipo de impresión sexan incompatibles con esta versión.



01. 2

Marca institucional

01. 2. 3




Área de seguridade e construción mínima

Referímonos como área de seguridade á zona de protección ou espazos mínimos que teñen que conservarse libres doutros elementos como textos, fotografías ou ilustracións.

Queda definida polo ancho do símbolo ou escudo municipal (a), tanto para a súa versión horizontal como vertical.

Neste apartado indícase tamén o tamaño mínimo ao que se recomenda empregar a marca. Unha redución máis alá destes límites dificultaría a súa lectura e recoñecemento.

Área de seguridade



01. 2

Marca institucional



Concello da Coruña

01. 2. 4 Usos incorrectos

Usar incorrectamente calquera elemento de identidade pode indicar unha progresiva distorsión da imaxe visual, por iso é imprescindible cumprir as normas marcadas neste manual no tocante ao uso da tipografía corporativa, composición e cores. A alteración destes elemetos considerárase un uso incorrecto da marca.

Tamén é incorrecto usar o escudo sen o nome da institución.

Amosamos aquí algúns exemplos de mal uso.



01. 3

Marca corporativa

01. 3. 1

Representación gráfica

A construción do Cñ no se modificou, tampouco se alteraron as cores nin a tipografía corporativa.


O uso do símbolo (Cñ) sempre irá enmarcado cun círculo, respectando as normas de construción aquí indicadas.

Este elemento será o encargado de lle dar identidade propia ao Concello da Coruña e pode usarse de maneira independente do logotipo (sempre que quede clara a súa identidade).

A construción tipográfica do nome (logotipo) sempre se realiza utilizando a tipografía Frutiger LT Std 65 Bold sobre unha pastilla de cor da mesma altura que o símbolo e rematado coa mesma forma.

En ningún caso se poderá empregar este elemento de xeito independente.

Construción de símbolo



Construción de marca corporativa




Variante de marca



01. 3

Marca corporativa

01. 3. 2 Positivo e negativo



01. 3

Marca corporativa

01. 3. 3

Área de seguridade e redución mínima

A área de seguridade queda definida polo ancho do Cñ (**a**). Por tanto, toda esta zona perimetral da marca fica protexida fronte á presenza doutros elementos como textos, fotografías ou ilustracións.

Neste apartado indícase tamén o tamaño mínimo ao que se recomenda empregar a marca. Unha redución máis alá destes límites dificultaría a súa lectura e recoñecemento.

Área de seguridade



01. 3

Marca corporativa

01. 3. 4


Escala de grises

Neste apartado amósanse dúas opcións de uso da marca sobre diferentes tramas de cor tomando como referencia a marca en escala de grises.


Calquera das dúas opcións son válidas. Escollerase sempre a que menos conflito cree co fondo á hora da súa reprodución e/ou impresión.



Opción 1



Opción 2



Fondo negro 80%

Fondo negro 60%


Fondo negro 40%

Fondo negro 20%

01. 3

Marca corporativa

01. 3. 5 Funcionamento sobre fondos de cor




01. 3

Marca corporativa

01. 3. 6 Usos incorrectos

Usar incorrectamente calquera dos elementos de identidade pode indicar unha progresiva distorsión da imaxe visual, por iso é imprescindible cumprir as normas marcadas neste manual en canto ao uso da tipografía corporativa, composición e cores. A alteración destes elemetos considerárase como un uso incorrecto da marca. Amosamos aquí algúns exemplos de mal uso.

Amósanse neste apartado algúns exemplos de usos incorrectos da marca corporativa.



01. 4

Símbolo corporativo

01. 4. 1

Servizos municipais e outros organismos


Atopámonos ante un dos casos excepcionais do uso do símbolo identificativo do concello.

Os servizos municipais e organismos dependentes do concello, se pola súa actividade precisan un logotipo que os identifique comporano co símbolo corporativo e o nome do servizo nunha, dúas ou tres liñas consonte o que se especifica nas páxinas seguintes.

Nos elementos en que se empreguen estes logotipos xunto coa marca corporativa nunca aparecerán os dous elementos na mesma liña.

Nos capítulos seguintes propóranse exemplos de convivencia dos dous logos en diversos formatos.

Referencia texto a 1 liña




01. 4

Símbolo corporativo


01. 4. 1

Servizos municipais e outros organismos

Referencia texto a 2 liñas



Referencia texto a 2 liñas



01. 4

Símbolo corporativo

01. 4. 1

Servizos municipais e outros organismos

Referencia texto a 3 liñas



Referencia texto a 3 liñas



01. 4

Símbolo corporativo

01. 4. 2

Campañas

En caso de que se utilice o símbolo corporativo para crear logotipos de campañas de concellarías ou servizos municipais, este non se poderá alterar de ningún xeito. Non se poderá variar a proporción entre o círculo e o Cñ nin empregar sombras ou calquera outro efecto para os dous elementos que compoñen o símbolo.

Deberá evitarse tamén incluír calquera outro elemento na zona de seguridade.

En calquera caso, deberáselle comunicar a creación de calquera logotipo ao servizo responsable da imaxe corporativa para evitar erros de aplicación dos distintos elementos que compoñen este manual.

